



Federación Galega
de Caza

Gabinete de Comunicación



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Martín Martínez en Percorridos e a parella formada por Antonio Fitor e Jaime Borberá en Voo, campións de España de Arco

Organizado pola Real Federación Española de Caza e a Federación Galega de Caza en colaboración co Clube Poutomillos Breogán (Lugo), os pasados días 11 e 12 de outubro disputouse o Campeonato de España de Arco.

O sábado disputábase a décimo terceira edición do Campeonato de España de Recorridos de Caza con Arco, na que participaban 92 arqueiros chegados dende diferentes lugares da xeografía española, quen tiveron que enfrontarse ás 8 propostas das que constaba a competición.

Divididos en patrullas, os arqueiros foron participando en cada unha destas propostas nas que tiñan que localizar, confirmar, apuntar e disparar as frechas sobre as diferentes siluetas nun tempo determinado. As sumas das puntuacións acadadas en cada proposto daba unha puntuación final na que o arqueiro vasco Martín Martínez Garrido acadou



Martín Martínez Garrido, campión de España de Percorridos de Caza con Arco

243 puntos, que lle deron o primeiro posto desta proba nacional, proclamándose campión de España. O primeiro galego en categoría absoluta era Jaime Villaverde Balado, na 10ª posición.

En categoría senior clase arco asistido o primeiro era Martín Martínez (País Vasco), en tradicional Carlos Manuel Álvarez (Extremadura) e en longbow Luis Caídas (Castela e León).

En categoría damas en clase arco asistido a gañadora era Silvia Miralles (Murcia) e en tradicional Nuria Ortega (Castela e León). A galega Dolores Bugarín Codeseda remataba no 4º posto.

En categoría junior en clase arco asistido quedou campión o andaluz Nelsón Pareja, en tradicional Víctor Fernández e en longbow Maria Eugenia Martín (Madrid).



A parella gañadora en Caza con Arco ao Voo, Antonio Fitor Serrano e Jaime Borderá Alcaraz, con "Llum"

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 - 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>



**Federación Galega
de Caza**

Gabinete de Comunicación

O domingo día 11 tiña lugar a décimo cuarta edición do Campeonato de España de Caza con Arco al vuelo, na que competían doce parellas representando ás federacións autonómicas de Murcia, Extremadura, Madrid, A Rioxa, Castela e León e Galicia. A proba desenrolouse nos terreos do Tecor Santa María Alta, un escenario típico de caza en Galicia, nunha carballeira tupida con soutobosque de silvas e pequenos arbustos, que deron cobixo ás codornices de granxa empregadas neste campionato.



Cada parella servida cun can de mostra e acompañada polo seu respectivo xuíz, participou por espazo de tres horas, cun cupo de dez codornices por parella. Merece especial significación a grande pericia amosada polos arqueiros participantes, xa que non resulta nada fácil abater unha peza dun diámetro de escasos seis centímetros, e moito menos voando.

Os arqueiros auxiliáanse indiferentemente segundo o gusto persoal de arcos: tradicionais, asistidos "de poleas" ou longbow "largos". Segundo se puido constatar, a meirande parte dos arqueiros da modalidade opta polo arco tradicional ou polo longbow, pois ao ser o tiro máis instintivo que de precisión son os que máis se adaptan. As frechas empregadas para a caza ao voo teñen como característica especial a punta sobredimensionada cunha especie de margarida plana de aramio de aceiro, dunhas dimensións aproximadas ás de a peza voando.

Non transcorreran máis de cuarenta e dous minutos cando se fixo entrada no control, a parella da Federación Murciana integrada por Antonio Fitor Serrano e Jaime Borderá Alcaraz, acompañados por unha setter inglés de nome "Llum", co cupo de dez codornices abatidas y proclamábanse Campións de España, batendo ademais o récord da proba, ao facelo en tan só cuarenta e dous minutos e sete segundos. A parella galega formada por Jaime Villaverde Balado e Eugenio Casal Rodas acompañados polo setter inglés "Pol" rematou no sexto posto da clasificación.

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>